



# Mesa redonda

## *"O papel dos concellos no marco das políticas de emprego"*

Xornada de presentación do proxecto  
**EMPLEOCITIES**



Pontevedra, 15 de abril de 2004



# O PAPEL DOS CONCELLOS NO MARCO DAS POLÍTICAS DE EMPREGO

- 1) A administración local como parte destacada na aplicación de políticas de emprego
- 2) Características propicias: propias e do contorno
- 3) Os déficits dos concellos: competencias, obrigas e recursos
- 4) A experiencia na área de influencia de Vigo
- 5) Retos inmediatos



- 1 -

## A ADMINISTRACIÓN LOCAL COMO PARTE DESTACADA DA APLICACIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS DE EMPREGO

- Sin ser unha competencia propia (según LBRL), consolídase unha tendencia a ser incluída nos textos legais (Lei administración local de Galicia, borrador do anteproxecto de lei da área metropolitana de Vigo, etc)
- Nun principio só como executores pero, cada vez máis, como deseñadores e impulsores de programas para combatir o desemprego (80% das actuacións do servizo público de emprego desenvólvenas as corporación locais)
- As administracións superiores recoñecen cada día máis o activo papel das autoridades e axentes locais na loita contra o desemprego (comunicacións da CE “Actuación local en favor do emprego. Unha dimensión local para a EEE” -070400- e “Fortalecemento da dimensión local da EEE” -061101-)
- De ahí o seu papel central en procesos recentes relacionados coa promoción dun desenvolvemento sustentable (PAL-E, A21L, ...)



- 2 -

## **CARACTERÍSTICAS PROPICIAS: PROPIAS E DO CONTORNO**

- **Esta crecente actividade basease no maior coñecemento que o ámbito local ten respecto das potencialidades dun territorio, debido ao papel das autoridades locais como: empregadores directos, provedores de servicios, o goberno máis achegado ás necesidades reais, consumidores e promotores e mesmo como creadores e impulsores de políticas**
- **Posúe, pois, a capacidade de integrar realmente o conxunto de accións e políticas públicas de fomento da actividade económica e do emprego**
- **Ademais, os participantes con éxito nos programas de emprego deixarán de ser beneficiarios dos servicios sociais municipais (competencia propia)**
- **Posúe internamente os mecanismos necesarios para unha correcta fiscalización e control do uso de fondos públicos**
- **Os actores e axentes locais recoñécense máis facilmente na administración local, coa que tratan diariamente outros asuntos**



- 3 -

## OS DÉFICITS DOS CONCELLOS: COMPETENCIAS, OBRIGAS E RECURSOS

- **Servicios fundamentais para a vida diaria son competencia exclusiva dos Concellos, polo que o “día a día” municipal establece prioridades moi consolidadas, as veces alonxadas das necesidades dos programas de emprego**
- **Culturalmente, no ámbito local a planificación está supeditada ao mantemento**
- **A proximidade do elector-contribuínte, e demais actores e axentes locais, condiciona en exceso o traballo do gobernante local**
- **A limitación de recursos económicos para o conxunto de servizos que os concellos teñen que prestar legalmente dificulta a implementación de novas actividades non obrigatorias**
- **Ademais, os concellos non adoitan ser un exemplo de organización, eficiencia e estrutura profesionalizada**



- 4 -

## A EXPERIENCIA NA ÁREA DE INFLUENCIA DE VIGO

- **Anos 95-99**: a financiación comunitaria e o ámbito supramunicipal como impulsores do proceso. MAIV (UPD) e Concello de Vigo (Concellería de Promoción Económica e Relacións coa UE) especialízanse tematicamente:
  - Concello desemprego: Youthstart-Sísifo, EO, Orientación, ...
  - MAIV promoción empresarial: Adapt-Pegaso, SAE, ...
- **Anos 99-03**: complétanse os procesos de orientación-formación-inserción coa posta en marcha do primeiro Plan municipal de emprego 00-03 (Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego), maior presenza da área na estrutura municipal e un significativo esforzo orzamentario. O discurso metropolitano avanza e sobre él se articula financiamento comunitario (Equal-Compás, Proder), inducendo ao traballo en rede cos axentes sociais (*Acordo marco polo emprego na área metropolitana de Vigo, xuño 2001*)
- **Anos 03-07**: consolidación da aposta económica e organizativa coa aprobación dun novo PME para o período 04-07, adaptando prioridades e colectivos. Previsión de incremento da estrutura estable de persoal e posta en marcha de infraestrucuras de apoio ao emprego



## O Plan municipal de emprego 2004-2007

- foi aprobado, por unanimidade, polo Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 26 de xaneiro de 2004
- configúrase no marco da actuación municipal neste eido, e consiste nun conxunto de programas de emprego, propios e coparticipados, cunha clara intención de integración, posibilitando itinerarios e novos recursos
- tramitouse previa consulta cos axentes sociais (CC.OO, UGT, CIG e CEP) e cos grupos políticos con representación municipal



# Esquema xeral do PME 04-07 (I)





# Funcionamento do Servicio de Orientación Laboral (SOL)

**Obxectivo:** facilitar o acceso ó mercado laboral, mellorando as condicións de ocupabilidade da persoa usuaria, potenciando os diferentes ámbitos competenciais

ENTREVISTA  
OCUPACIONAL  
INDIVIDUAL;  
diagnóstico e  
seguimento



M  
E  
T  
O  
D  
O  
L  
O  
X  
I  
A

- Atención individualizada, previa cita
- Análise ocupacional: definición do obxectivo profesional e avaliación da adecuación do perfil profesional á demanda real do mercado laboral
- Desenvolvemento de aspectos personais para a ocupación: habilidades sociais e técnicas de comunicación, resolución de problemas e planificación
- Itinerario formativo: deseño do circuíto formativo que permita completar ou reorientar o historial profesional para a mellora da ocupabilidade
- Ferramentas para a busca de emprego (técnicas BAE): revisión de currículum, autocandidatura, carta de presentación, entrevistas de emprego, procura de información, etc
- Acompañamento á inserción: clubs de emprego e grupos de busca, avaliación e seguimento de procesos individuais de inserción


Accións  
complementarias



- Prospección de mercado: contacto con empresas e asociacións empresariais sectoriais e análise de fontes documentais
- Bolsa de traballo: posta a disposición, para ofertas de emprego, dos usuarios do servizo (e do resto de participantes en programas municipais de emprego) a través dunha base de datos específica



# Esquema xeral do PME 04-07 (e II)





## O Servicio de Asesoramento a Emprendedores (SAE)

O SAE é un servicio personalizado, público e gratuíto de información e asesoramento para todas aquelas persoas que decidan pór en marcha iniciativas empresariais ou queiran estudar as posibilidades que ofrece o autoemprego

O SAE é un servicio posto en marcha en 1996 polo Concello de Vigo e a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV), coa colaboración da Xunta de Galicia

### ACTIVIDADES DE CAPTACIÓN

Organización de seminarios, conferencias e cursos de autoemprego

Edición de materiais de apoio ós emprendedores

### ATENCIÓN, INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Análise inicial e información

Elaboración do plan de empresa

Constitución da empresa

– forma xurídica

– trámites de constitución

– subvencións e axudas

Seguimento da empresa constituída



## Principais organismos implicados no PME

- Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo
- Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia
- Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
- Centrais sindicais: Comisións Obreiras (CC.OO), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Unión Xeral de Traballadores (UGT)
- Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), empresas e asociacións empresariais sectoriais
- Fundación Secretariado General Gitano
- Fundación Radio Ecca



## Financiamento do Plan

- CONCELLO DE VIGO
- CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
  - FONDO SOCIAL EUROPEO



- 5 -

## RETOS INMEDIATOS

- **Consolidar as iniciativas que promoven a integración de políticas e de actores, racionalizando e optimizando os recursos para a promoción do emprego existentes nun territorio**
- **Introducir unha consideración horizontal da variable emprego nas políticas locais**
- **Aplicar criterios de sustentabilidade ás actuacións de promoción da actividade económica, na procura do equilibrio entre as variables económica, social e ambiental**
- **En fin, posibilitar unha planificación da acción local para o emprego con metodoloxía participativa e criterios de sustentabilidade**



# MOITAS GRACIAS

**Ignacio Ojea Pérez**

**Xefe do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego**

**Concello de Vigo**

**Praza do Rei s/n 36202 VIGO (4ª planta)**

**<http://www.vigo.org>**

**<http://emprego.vigo.org>**

**Correo electrónico: [ofi.emprego@vigo.org](mailto:ofi.emprego@vigo.org)**

**[ignacio.ojea@vigo.org](mailto:ignacio.ojea@vigo.org)**